

# Carmen Echeverría Novoa

Durante a II República, o irmán de Carmen, José Echeverría Novoa, foi gobernador civil en Ciudad Real, Alacante, Oviedo e, despois do triunfo da Fronte Popular, tres días en Xaén antes de tomar posesión en Biscaia, onde o sorprendeu a Guerra Civil. Ela compartía as súas ideas e xunto á súa irmá Marina fora a varias manifestacións de esquerdas. Carmen era a máis implicada das dúas e por iso, cando soubo que os golpistas tomaran o mando en Pontevedra fuxiu da casa familiar de Raxó, onde pasaba eses días de verán. Deica a parroquia de Poio chegara o aviso de que querían rapala. A primeira noite durmiu na casa dunhas amizades. Despois trasladouna a Vilagarcía Luís Martínez Gendra, propietario da librería que había nos baixos da vivenda que os Novoa tiñan na rúa Oliva, e pertencente tamén a unha familia represaliada. Na localidade arousá exercía como cónsul do Uruguai e Arxentina, o tío de Carme, Edmundo Novoa de María.

O cónsul tiña boa relación co capitán Bernal, responsábel da garda civil, e na memoria familiar quedou que, nas horas anteriores á lectura do bando de guerra, deulle acubillo xunto a outras persoas de dereitas que temían represalias por parte da esquerda. Non había perigo ningún. As autoridades vilagarcíás, co



alcalde Valentín Briones á fronte, mesmo se negaron a armar a poboación para intentar evitar o triunfo do golpe.

Axiña mudaron as tornas e foi a Garda Civil dirixida por Bernal quen acudiu ao consulado para esixir a Novoa que entregase a sobriña. El negouse até en tres ocasións mais a única concesión que lle deron aqueles que antes lle pregaran auxilio, foi permitirlle que el mesmo lle rapase o pelo para evitarlle a humillación de ser pelada por estraños. Novoa fíxoo e tivo que entregarlles o cabelo como unha especie de macabro trofeo. Despois levárona detida a Pontevedra. Carmen, que tapaba cunha boina o cranio rapado, contou que foran durante todo o camiño insultándoa, humillándoa. Condenárona xunto á súa nai e o resto da descendencia desta a arresto domiciliario.

Ademais, someteron a depuración laboral tanto a súa irmá, que traballaba de enfermeira, como ao seu irmán, que aínda que era médico acababa de aprobar a oposición de profesor de Educación Física e tiña praza no instituto de Pontevedra. Non puido tomar posesión.

Pasaron aproximadamente tres anos e catro meses na súa vivenda do número 20 da rúa Oliva, con vixiantes en cada piso: Gardas, requetés, falanxistas e membros das JAP, acrónimo das *Juventudes de Acción Popular* da CEDA, que mesmo lles miraban na cabeza dos peixes que Aurora, a muller que traballaba na casa, levaba para comer. Illaron a familia cortando a liña de teléfono e quitándolle a radio, mais seguían obtendo información do exterior. O irmán de Carmen tirou un colchón ao chan, fixo un buraco no piso e co seu fonendoscopio escoitaba a radio do piso de abaixo. E ademais, Aurora chegaba sempre do mercado con novas. Nunca souberon quen eran as persoas que lle metían na roupa notas sobre o discurrir da guerra ou sobre o seu irmán José, que estaba no lado republicano da contenda. Rematada esta, José marchou ao exilio: Panamá, Cuba e os Estados Unidos. Pero antes mandou un telegrama á casa familiar preguntando como estaban. Pediron permiso para contestarlle e escribiron o seguinte texto: “De saúde ben. Detidos na casa sen saber causa”<sup>1</sup>. Pero dixéronlles que só podían contestar que estaban ben, así que decidiron non mandar nada.

Pasados os case corenta meses de arresto, deixáronos marchar a Raxó mais tiñan que presentarse cada semana no cuartel da Garda Civil de Sanxenxo. Os gardas desa localidade apiadáronse da familia e eran eles os que se trasladaban á casa que os Novoa ocupaban na parroquia de Poio para cumprir o trámite.

---

1 En castelán no orixinal.



Carmen, que era unha rapaza independente, alegre e tan implicada na sociedade pontevedresa que mesmo formaba parte do pioneiro equipo feminino de hóckey sobre herba, ficou marcada para sempre polo terror franquista<sup>2</sup>.

---

2 Esta biografía foi realizada en base a publicacións dos investigadores Xosé Álvarez Castro e Luís Bará e da investigadora Marie-Pierre Bossan.